

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG), PARA A IMPLEMENTACIÓN, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MARCA Q DE CALIDADE TURÍSTICA NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 4 de abril de 2016 ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CTG para a implementación, difusión e promoción dos servizos turísticos de Galicia coa marca Q de Calidade Turística a través:

- Do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, das normas de calidade desenvolvidas polos subsectores turísticos empresariais adheridos ao Instituto para a Calidade Turística Española. Este apoio consistirá nunha labor de asesoramento a empresas e actividades do sector turístico mediante a súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da Q de calidade turística.

- Do apoio e recoñecemento da Marca de Calidade Turística Española como marca diferenciadora da calidade e dos establecementos certificados

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

2.- A calidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúe unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego. Neste sentido, a Axencia Turismo de Galicia e o sector privado deben fortalecer a súa colaboración na consecución do fin común de promoción da marca Q de Calidade Turística.

3.- A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, ten como finalidade a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia. Ademais, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, o cal dificulta a convocatoria

pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos